




Universidade de Vigo	<b>FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</b>
Ref.: FPRL 04-08 Páx. 1 de 2	<b>TALLADURA OU CORTE EN TRABALLOS FORESTAIS</b>

RISCOS	CAUSAS
• Caídas ao mesmo nivel	• Tropezos con vexetación, rochas ou ferramenta mal gardada
• Caídas a distinto nivel	• Descenso desapropiado dos vehículos de transporte
• Contusións e cortes	• Manexo inadecuado da ferramenta. Estado defectuoso desta. Forma de traballo inadecuada. <b>REBOTE*</b>
• Estrés térmico por calor	• Altas temperaturas na zona de traballo. Roupa de traballo inadecuada para as condicións climáticas
• Incendio e/ou explosión	• Incendio forestal nas inmediacións da zona de traballo • Fumar ao encher o tanque. Arrancar a máquina en que se encheu o tanque ou antes de limpar os residuos de combustible
• Exposición ao ruído	• Elevada sonoridade da motoserra
• Exposición ás vibracións	• Vibracións producidas pola motoserra
• Sobreesforzos	• Posturas forzadas e manipulación de máquinas e materiais

\* **REBOTE**: movemento brusco e violento cara a arriba da espada da motoserra ao quedar o extremo superior desta interceptado ou acelerado por un tronco ou unha póla. É difícil de prever e sumamente perigoso.

### MEDIDAS PREVENTIVAS

- Inspeccionar a zona de traballo e planificar o traballo que se vaia realizar, establecendo o método de labor, o material e o equipo de protección que se vai empregar. Determinar as posibles vías de retirada.
- Antes de cortar deberá planificarse e organizarse rigorosamente a actividade, empregando a técnica de talladura correcta segundo o tipo de árbore, condicións ambientais, posición, presenza de liñas de alta tensión etc.
- Asegurarse de que os elementos de seguridade da motoserra se atopan en perfecto estado de uso.
- Soster a motoserra con firmeza e próxima ao corpo.
- Mantemento dos distintos compoñentes da motoserra (cadea, embrague, escape etc.) segundo as indicacións do fabricante.
- Transportar a motoserra sempre coa espada cara a atrás e coa protección colocada.
- Antes de empezar a cortar hai que asegurarse de que non haxa ninguén nun diámetro non inferior (como mínimo) ao dobre da altura da árbore.
- Non arrancar a motoserra en que se encheu o tanque ou antes de limpar os residuos de combustible.
- Asegurarse de que ten suficiente combustible no depósito antes de empezar o corte de talladura, quedar sen combustible á metade da talladura pode ser perigoso.
- Para evitar o rebote hai que asegurarse de que a punta e a parte superior da serra non tocan ningún obxecto.
- Utilizar roupa de traballo adecuada ás condicións climáticas.
- Para evitar enganches nas partes móbiles das máquinas, hai que utilizar roupa axustada ao corpo.
- Utilizar roupa ou chaleco de alta visibilidade para traballos en zonas próximas a vías de circulación de vehículos.
- Non traballar coa motoserra por enriba dos ombros.
- Dispor de auga potable en cantidade suficiente.

REALIZADO	MODIFICADO
Servizo de Prevención de Riscos Laborais Data: 08/10/2008  Asdo.: M.ª José Montero Vilarino	 Data: 08-06-2013  Asdo.: M.ª Carmen Álvarez González

Universidade de Vigo	<b>FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</b>
Ref.: FPRL 04-08 Páx. 2 de 2	<b>TALLADURA OU CORTE EN TRABALLOS FORESTAIS</b>

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL					
					
RECOMENDACIÓN					
Casco de protección forestal con máscara EN-397	Protección auditiva EN-352-1-2/ EN-458	Protección ocular EN 166-172	Luvas de seguridade EN-388/EN-407/EN-420	Botas de seguridade EN-344/EN-345/ EN-346/EN-347	Roupa de traballo adecuada
					

REALIZADO	MODIFICADO
Servizo de Prevención de Riscos Laborais	
Data: 08/10/2008	Data: 08-06-2013
Asdo.: M. <sup>a</sup> José Montero Vilarriño	Asdo.: M. <sup>a</sup> José Montero Vilarriño
M. <sup>a</sup> Carmen Alvarez Gonzalez	M. <sup>a</sup> José Montero Vilarriño